

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

ORDE do 9 de setembro de 2021 pola que se aproban os estatutos do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña e Pontevedra.

De acordo co establecido no artigo 150.2 da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfere, no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento legislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

A propia lei orgánica prevé, tal como expón o mandato constitucional, a transferencia de servizos necesarios, que se leva a cabo de forma efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado en materia de colexios oficiais ou profesionais.

Tendo en conta ese traspaso, o Decreto 337/1996, do 13 de setembro, estableceu a asunción de funcións transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, asignándolle as funcións á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (na actualidade Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, segundo a estrutura establecida no Decreto 214/2020, do 3 de decembro).

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da citada competencia, dispón no seu artigo 16 que os colexios profesionais gozarán de autonomía para a elaboración, aprobación e modificación dos seus estatutos, sen máis límites que os establecidos polo ordenamento xurídico. O artigo 18 da mesma norma establece a obrigatoriedade de comunicar á consellería competente en materia de colexios profesionais os estatutos aprobados, así como as súas modificacións, para os efectos de verificación da súa adecuación á legalidade, ordenación da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e inscrición no rexistro.

En virtude do anterior e verificada a adecuación á legalidade dos estatutos presentados, en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Aprobar os estatutos do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña e Pontevedra que figuran como anexo á presente orde.



Artigo 2. *Publicación e inscrición*

Ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e a inscrición correspondente no Rexistro de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derogatoria única. *Derrogación dos estatutos anteriores*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

ANEXO**Estatutos do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das Provincias da Coruña e Pontevedra****Exposición de motivos**

Os colexios oficiais de secretarios locais constituíronse polo Real decreto do 6 de setembro de 1925, ampliado aos interventores locais pola Real orde do 17 de decembro de 1925. Posteriormente, o Regulamento de funcionarios de Administración local aprobado polo Decreto do 30 de maio de 1952 (BOE do 28 de xuño) dispuxo nos seus artigos 99, puntos 1 e 2, e 203 a existencia obrigatoria dos colexios oficiais de secretarios, interventores e depositarios. Estes artigos indicaban:

Artigo 99

1. Os funcionarios de Administración local poderán constituírse en colexios oficiais.
2. Os pertencentes a corpos nacionais formarán colexio na forma establecida polas disposicións vixentes, ou que en diante se ditén.



Artigo 203

1. En todas as provincias españolas, con sede na súa capital, existirá o Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Depositarios, que terá a representación dos tres corpos e do que serán membros con carácter obrigatorio todos os que estean incluídos nas correspondentes escalas.

2. O Colexio Nacional terá a súa sede en Madrid e será o órgano de superior xerarquía profesional respecto dos colexios provinciais e dos compoñentes dos corpos cuxa representación incumbe, para os fins que lle están atribuídos.

3. O Colexio Nacional e os provinciais terán o carácter de corporacións de dereito público afectas ao Ministerio da Gobernación e rexeranse polos regulamentos aprobados pola Dirección Xeral de Administración Local, que determinarán a súa organización, o funcionamento, réxime económico, fins sociais e profesionais, facultades disciplinarias e demais aspectos que procedan.

En desenvolvemento desta norma aprobouse o Regulamento dos colexios de secretarios, interventores e depositarios de Administración local, do 31 de xullo de 1953 (BOE do 7 de agosto), que foi modificado polo Regulamento do 2 de febreiro de 1978 (BOE do 18 de febreiro).

A exigencia de adaptación á Constitución dos estatutos e demais disposicións que regulaban os colexios de funcionarios existentes á entrada en vigor da disposición adicional segunda da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, na redacción dada pola Lei 74/1978, do 26 de decembro, cumpriuse mediante o Real decreto 1912/2000, do 24 de novembro, que aproba os estatutos xerais da organización colexial de secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local, modificados polos agora vixentes, aprobados mediante Real decreto 353/2011, do 13 de marzo, a cuxo contido se adecúan os presentes estatutos do Colexio Territorial SITAL das Provincias da Coruña e Pontevedra.

Por tanto, preséntase ante a Asemblea Xeral o seguinte texto normativo:

TÍTULO I
Disposicións xerais da organización colexial

CAPÍTULO I
Definición, ámbito territorial e domicilio

Artigo 1. *Definición e réxime xurídico*

1. O Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das Provincias da Coruña e Pontevedra é unha corporación de dereito público constituí-



da ao abeiro da lei, con estrutura interna e funcionamento democráticos, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

2. A organización colexial que se crea e regula polos presentes estatutos agrupa as persoas funcionarias que integran a escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal, sempre que exerzan ou exercesen as funcións de secretaría, intervención ou tesouraría no ámbito territorial das provincias da Coruña ou Pontevedra.

3. No exercicio das súas funcións, este colexio territorial ten que someterse plenamente á Constitución, ao Estatuto de autonomía de Galicia, aos estatutos xerais da organización colexial aprobados polo Real decreto 353/2011, do 11 de marzo, e á Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais de Galicia, así como á restante normativa autonómica que resulte de aplicación.

Artigo 2. Domicilio e outras delegacións no ámbito territorial

1. O domicilio do Colexio Territorial queda fixado na rúa Cantón Grande nº 6-10º A, da Coruña, sen prexuízo de que poidan ter lugar reunións dos seus órganos colexiados en calquera outro lugar do seu ámbito territorial.

2. Mediante o acordo da Asemblea Xeral, o Colexio Territorial poderá constituír seccións ou delegacións, e no acordo constitutivo determinarase o seu ámbito funcional ou territorial.

Artigo 3. Posible fusión con outros colexios territoriais e integración no Consello Autonómico

1. Segundo o previsto no artigo 4 dos estatutos xerais da organización colexial, mediante o acordo maioritario da Asemblea e despois do cofecemento do Consello Xeral de Colexios, o Colexio Territorial da Coruña e Pontevedra poderá fusionarse cos colexios territoriais existentes no ámbito da nosa Comunidade Autónoma. Mesmo poderá acordarse a integración nun colexio territorial único para a Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Tamén por acordo maioritario da Asemblea, este colexio territorial poderá integrarse no Consello Autonómico de Galicia. Unha vez creado o Consello Autonómico, poderá delegarse na devandita corporación o exercicio das funcións que se consideren oportunas.



CAPÍTULO II**Réxime xurídico dos actos e resolucións corporativos****Artigo 4. *Réxime xurídico dos actos e resolucións corporativos***

1. No exercicio das súas funcións públicas, os órganos desta corporación axustarán as súas actuacións ás normas de dereito administrativo e, en especial, á normativa que en cada momento estea vixente sobre réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Nas restantes relacións xurídicas, o Colexio quedará sometido ao réxime xurídico correspondente, civil ou laboral.

Artigo 5. *Execución e impugnación dos actos e resolucións corporativos*

1. Os actos e as resolucións dos órganos deste colexio serán inmediatamente executivos cando estean suxeitos ao dereito administrativo.

2. Tales actos e resolucións, cando estean suxeitos ao dereito administrativo, serán impugnables ante os órganos da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa súa lei reguladora, unha vez esgotados os recursos contra eles, no caso de que se interpuxesen.

3. Con carácter previo á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa, contra os actos dos órganos deste colexio territorial poderase recorrer en alzada no prazo dun mes ante o Consello Autonómico de Galicia e, no caso de que non constituírse este, ante o Consello Xeral.

Artigo 6. *Portelo único*

1. O Colexio disporá dunha páxina web para que, a través do portelo único previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, as persoas que integran a profesión poidan, a través dun único punto, por vía electrónica, a distancia e de xeito gratuíto, realizar todos os trámites necesarios para a súa colexiación, o seu exercicio e a baixa no Colexio Territorial; presentar toda a documentación e as solicitudes necesarias, coñecer o estado de tramitación dos procedementos en



que teñan a condición de interesados, recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a resolución dos expedientes, incluída a notificación dos disciplinarios cando non for posible por outros medios, ser convocado ás asembleas xerais e pór no seu coñecemento a actividade da organización colexial.

2. O portelo único deberá conter toda a información a que se refire a lexislación básica sobre colexios profesionais para a mellor defensa dos dereitos da cidadanía destinataria da actividade dos profesionais que agrupa a organización colexial, especialmente o acceso ao rexistro de colexiados, que estará permanentemente actualizado e no cal constarán, como mínimo, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, administración pública de destino e situación administrativa, e as solicitudes e os recursos que se poidan presentar.

CAPÍTULO III

As funcións do Colexio Territorial

Artigo 7. Funcións do Colexio

Compételle ao Colexio, no seu ámbito territorial, o exercicio das funcións consignadas na lexislación básica estatal e autonómica sobre colexios profesionais e, en particular, as seguintes:

a) Cumprir e facer cumprir ás persoas colexiadas as leis xerais e especiais, os estatutos e os regulamentos de réxime interior, así como as normas e decisións adoptadas polos órganos colexiados.

b) Velar polo exacto cumprimento dos deberes profesionais das persoas colexiadas, pola súa ética e dignidade profesional.

c) Tutelar e defender os dereitos e intereses que afectan á escala e ás subescalas e os dos funcionarios pertencentes a elas, desempeñar a representación e exercer a defensa, no seu ámbito, duns e doutros ante a Administración, institucións, tribunais e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten aos intereses profesionais.

d) Apoiar as administracións públicas competentes para que o exercicio da profesión o efectúen as persoas colexiadas conforme a normativa aplicable e o código ético existente para ela.



e) Coñecer os recursos que se interpoñan contra os acordos dos seus órganos de goberno.

f) Manter e mellorar a unión e boa relación entre as persoas colexiadas.

g) Estimular e facilitar o perfeccionamento profesional das persoas colexiadas, ben sexa directamente ou colaborando con outros centros de investigación e formación, organizar actividades e servizos comúns de interese para as persoas colexiadas, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial, de previsión e análogos.

h) Fomentar o desenvolvemento profesional dos secretarios, interventores e tesoureiros a través do mantemento do diálogo e a negociación cos poderes públicos, partidos políticos, sindicatos, federacións de municipios e provincias e calquera outra organización municipalista ou de empregados públicos, xa sexan nacionais ou internacionais, cos cales poderá establecer convenios de colaboración e, de ser o caso, integrarse neles.

i) Divulgar as disposicións legais e as instrucións e ordes das autoridades para o mellor coñecemento e cumprimento polo persoal colexiado e informar a este de cantas cuestións lle poidan afectar no ámbito profesional.

j) Impulsar, a través de publicacións, conferencias e cuantos medios procedan, o estudo do dereito e técnicas de administración que afecten aos profesionais colexiados, así como colaborar, cando sexan requiridos, na formación das autoridades e cargos representativos en relación coas materias propias das funcións que exercen.

k) Colaborar coas administracións públicas, universidades e centros de investigación na elaboración e difusión de estudos que se refiran ou afecten á Administración local.

l) Asesorar as autoridades e corporacións nas cuestións relacionadas coa escala e subescalas, emitindo informes, ditames e contestacións ás consultas que sexan formuladas.

m) Manter relacións permanentes de información e comunicación co Consello Xeral e, no caso de que se constituía, co Consello Autonómico, facilitando información sobre altas, baixas e calquera outro incidente que se produza no rexistro de persoas colexiadas.

n) Atender as solicitudes de información sobre as persoas colexiadas e sobre as sancións firmes que se lles impoñan.



o) Dispor dun servizo de atención aos usuarios que necesariamente tramitará e resolverá calquera solicitude, suxestión ou queixa referidas á actividade colexial ou que afecte a calquera persoa colexiada, presentada por calquera persoa usuaria ou profesional colexiada, así como organizacións de consumidores e usuarios na súa representación e na defensa de intereses colectivos nos termos da lexislación básica sobre colexios profesionais.

O Colexio, a través deste servizo de atención aos consumidores ou usuarios, resolverá sobre a queixa ou reclamación segundo proceda, ben informando o sistema extraxudicial de resolución de conflitos, ben remitindo o expediente aos órganos colexiais competentes para instruír os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios, ben arquivando ou ben adoptando calquera outra decisión conforme a dereito.

A regulación deste servizo deberá prever a presentación de queixas e reclamacións por vía electrónica e a distancia.

O servizo de atención aos usuarios será accesible a través da páxina web do Colexio.

p) Aprobar os seus estatutos, con pleno respecto á normativa estatal e autonómica.

q) Elaborar unha memoria anual que conteña, polo menos, a información seguinte:

- Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal, suficientemente desagregados.

- Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

- Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, no seu caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

- Información agregada e estatística relativa ás queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, no seu caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

- Os cambios no contido dos códigos deontolóxicos.



• As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses nas que se atopen os membros da Xunta de Goberno.

A memoria anual deberá facerse pública a través da páxina web no primeiro semestre de cada ano.

r) Controlar que a actividade dos Colexiados se someta ás normas deontolóxicas da profesión.

s) Velar pola protección dos intereses de consumidores e usuarios dos servizos dos Colexiados e defender os intereses profesionais dos Colexiados, todo iso sen prexuízo das competencias da Administración pública por razón da relación funcional.

Para o cumprimento destes fins terá atribuídas as funcións previstas na Lei de Colexios profesionais de Galicia, na normativa básica estatal e cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses xerais da profesión e dos Colexiados.

t) Atender as solicitudes de información sobre os seus Colexiados e sobre as sancións firmes a eles impostas, así como as peticións de inspección ou investigación que lles formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea nos termos previstos na Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

TÍTULO II

Os membros do Colexio Territorial

CAPÍTULO I

A Colexición, os membros e as súas clases

Artigo 8. *Colexición*

1. A Colexición ten carácter voluntario e gratuíto. Para causar alta como persoa Colexiada só se esixirán os dous requisitos que se enumeran a continuación, sen prexuízo do réxime singular dos membros de honra:

a) Pertencer a unha das subescalas que conforman a escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal.

b) Tomar posesión nun posto de traballo con funcións públicas reservadas a algunha das subescalas pertencentes a unha corporación ou administración emprazada nas provincias de Pontevedra ou A Coruña.



2. Unha vez adquirida a condición de colexiado, só se deixará de pertencer ao Colexio por baixa voluntaria, pola imposición dunha sanción disciplinaria colexial ou pola imposición dunha pena que implique a perda da condición de funcionario público.

Artigo 9. *Clases de persoas colexiadas*

1. Os membros do Colexio poden ser persoas en exercicio dalgunha función pública reservada, persoas non exercentes e membros de honra, en atención aos méritos contraídos a favor do Colexio.

2. As persoas colexiadas son exercentes cando, na súa condición de persoal funcionario, estean na situación de servizo activo en calquera das administracións públicas.

3. Co fin de manter o vínculo profesional e a relación de compañeirismo entre todas as persoas integrantes da escala de habilitación nacional que exercen as funcións de secretaría, intervención ou tesouraría nalgunha corporación local, poderán pertencer ao Colexio Territorial, na condición de non exercentes, as persoas xubiladas ou en situación de excedencia ou incapacidade permanente.

4. Poderán ser nomeados membros de honra as persoas físicas ou xurídicas que contraesen méritos especiais respecto do Colexio, da organización colexial ou que prestasen servizos relevantes nalgunha Administración pública dentro do ámbito territorial desta corporación. Para tal efecto, a proposta para o nomeamento de membro de honra poderá ser presentada ante a Asemblea Xeral por calquera persoa colexiada, achegando unha memoria en que se expoñan os méritos contraídos. Logo da correspondente deliberación, a decisión de incorporar algún membro co carácter de honra corresponderalle unicamente á Asemblea, por maioría simple.

CAPÍTULO II

Dereitos, deber e deberes dos membros do Colexio

Artigo 10. *Dereitos dos membros do Colexio*

Son dereitos dos membros do Colexio:

1. Concorrer, con voz e voto, ás asembleas.
2. Dirixirse aos órganos de goberno formulando solicitudes, suxestións ou queixas, solicitando información sobre a actividade colexial ou sobre as actuacións dos órganos de goberno do Colexio.



3. Elixir e ser elixido para cargos directivos. Este dereito non poderá ser exercido polos membros de honra.

4. Requerir a intervención do Colexio, ou o seu informe, cando cumpra.

5. Ser amparado polo Colexio en canto afecte a súa condición de funcionario público.

6. Gozar das concesións, beneficios e dereitos que se lles outorguen ás persoas colexiadas, para el ou para as súas familias.

Artigo 11. *Deberes e deberes dos membros do Colexio*

1. Son deberes xerais dos membros do Colexio:

a) Someterse á normativa legal e estatutaria, ás normas e usos propios da deontoloxía profesional e ao réxime disciplinario colexial.

b) Observar unha conduta digna da súa condición e do cargo que exerza, e desenvolver as súas funcións con honradez, celo e competencia.

c) Establecer, manter e estreitar as relacións de unión e compañeirismo que deben existir entre todas as persoas que forman a escala, exercen ou exercen funcións públicas.

2. Son deberes especiais dos membros do Colexio:

a) Contribuír puntualmente ao sostemento económico do Colexio.

b) Declarar na debida forma a súa situación administrativa e os demais actos que lles sexan requiridos na súa condición de persoal funcionario.

c) Acatar e cumprir os acordos que adopten os órganos corporativos na esfera da súa competencia.

d) Comunicarlle ao Colexio as circunstancias de orde profesional que lles sexan requiridas para o exercicio das funcións colexiais.



TÍTULO III
A organización interna

CAPÍTULO I
Organización básica e complementaria

Artigo 12. *Organización básica e complementaria*

1. A organización básica de goberno e administración do Colexio Territorial está formada pola Presidencia, a Xunta de Goberno e a Asemblea Xeral.

2. Co carácter de organización complementaria poderanse crear comisións especiais, formadas por un mínimo de tres membros, que teñan como función o estudo e informe sobre os asuntos que lles encomende a Presidencia ou a Xunta de Goberno. Os membros das comisións especiais poderán ser nomeados pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno.

CAPÍTULO II
A Asemblea Xeral: composición, réxime de funcionamento e atribucións

Artigo 13. *A Asemblea Xeral*

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de expresión da vontade do Colexio Territorial e réxese polos principios de participación igual e democrática de todas as persoas colexiadas.

2. A participación na Asemblea será persoal ou por representación. Para acreditar a dita representación deberá enviarse unha comunicación previa á sede do Colexio cunha antelación mínima de 24 horas ao comezo da correspondente sesión. Exclúese a posibilidade de acudir mediante representación nas asembleas electorais e nas extraordinarias en que se debata unha moción de censura, nas cales si estará permitido o voto por correo.

Artigo 14. *Das sesións da Asemblea Xeral*

1. As sesións da Asemblea Xeral poden ser de tres tipos: ordinarias, extraordinarias e electorais, entendéndose que estas últimas son as convocadas para a elección dos membros da Xunta de Goberno, de acordo coa regulación prevista no capítulo III deste título.



2. A Asemblea Xeral reunirase en sesión ordinaria no mes de xaneiro, mediante convocatoria pública realizada pola Presidencia cun mínimo de 5 días hábiles de antelación ao día en que teña lugar. A convocatoria pública será realizada a través dos boletíns oficiais das provincias da Coruña e Pontevedra, sen prexuízo de que se remita unha comunicación a cada persoa colexiada. A convocatoria deberá fixar o día, a hora e o lugar en que se desenvolverá a sesión e os asuntos que se van a tratar na orde do día.

3. A Asemblea Xeral reunirase en sesión extraordinaria nos seguintes casos:

a) Cando o considere conveniente a Presidencia, para debater e decidir calquera asunto de interese colectivo que non se poida demorar ata a seguinte sesión ordinaria.

b) Por petición do vinte por cento, como mínimo, dos membros da Asemblea. Neste caso, unha vez recibida a correspondente solicitude na sede do Colexio, referendada polas firmas das persoas solicitantes e coa exposición dos motivos nos cales se funda a petición, a Presidencia deberá convocar a sesión no prazo máximo de dous meses, seguindo o procedemento previsto para as sesións comúns.

c) Cando se presente unha moción de censura contra a persoa titular da Presidencia ou contra os membros da Xunta de Goberno, de acordo co previsto no capítulo III deste título.

4. Para a válida constitución da sesión en primeira convocatoria, requírese a asistencia de, como mínimo, un terzo dos membros exercentes do Colexio. Na segunda convocatoria, as sesións terán lugar unha hora máis tarde. Neste caso, considerarase validamente constituída a sesión calquera que sexa o número de asistentes, aínda que, deberá contar coa presenza do presidente e do secretario, ou de quen legalmente os substitúa

Artigo 15. *Dos debates e da adopción de acordos*

1. Os puntos que se tratarán serán os establecidos na orde do día, conforme a numeración con que aparezan. Nas sesións ordinarias poderán incluírse puntos na orde do día, por petición de calquera membro da Asemblea, e serán tratados sempre que se conte co voto afirmativo da maioría absoluta das persoas asistentes.

2. Cada punto iniciarase mediante lectura da proposta pola persoa que exerza a Secretaría da Xunta de Goberno, e a continuación abrirase un debate moderado pola Presidencia. Cando a Presidencia considere que xa se achegaron todos os puntos de vista,



ordenará que se proceda á votación coa seguinte orde: aceptación ou rexeitamento das emendas á totalidade, aceptación ou rexeitamento das emendas parciais e aceptación ou rexeitamento da proposta de acordo.

3. Todos os membros da Asemblea terán voz e voto, excepto as persoas que estean suspendidas como consecuencia dunha sanción disciplinaria.

4. Con carácter xeral, os acordos adóptanse por maioría simple e dirimirá os empates o voto de calidade da Presidencia. Pero, como excepción, requírese maioría cualificada para a adopción dos seguintes acordos:

a) Para autorizar os actos de disposición ou de gravame sobre bens inmobles propiedade do Colexio esixírase o voto favorable de 2/3 dos asistentes á sesión, que supoña, pola súa vez, a maioría absoluta dos membros da Asemblea.

b) Para que prospere unha moción de censura contra a Presidencia ou algún dos membros da Xunta de Goberno requírese o voto favorable da maioría absoluta dos asistentes á sesión.

Artigo 16. *Atribucións da Asemblea Xeral*

1. Son atribucións propias e exclusivas da Asemblea Xeral:

a) Elixir os membros da Xunta de Goberno.

b) Aprobar os estatutos do Colexio e, de ser o caso, o regulamento de réxime interior do Colexio, sen prexuízo das facultades da Xunta de Goberno para aprobar as correspondentes normativas de desenvolvemento.

c) Autorizar os actos de disposición e gravame sobre os bens inmobles propiedade do Colexio.

d) Acordar a fusión con outros colexios territoriais de Galicia ou a integración no Consello Autonómico.

e) Controlar a xestión da Presidencia e da Xunta de Goberno, solicitando informes e adoptando, de ser o caso, as oportunas mocións.



f) Aprobar a moción de censura contra a persoa titular da Presidencia, dalgún ou de todos os membros da Xunta de Goberno.

g) Impor cotas extraordinarias que excedan o importe dunha mensualidade.

h) Acordar o nomeamento de membros de honra, conceder distincións e facer mencións honoríficas.

i) Aprobar as contas anuais, previa a súa rendición por parte da Xunta de Goberno.

j) Aprobar os regulamentos de orde interna.

k) Todas aquelas que pola súa especial transcendencia para a actividade do Colexio e exercicio profesional deban ser debatidas e decidido por este órgano.

CAPÍTULO III

Da elección e do cesamento de cargos directivos

Artigo 17. Sistema electoral

1. Os membros da Xunta de Goberno serán elixidos pola Asemblea reunida en sesión electoral, en votación persoal e secreta, na que poderán participar como electores todas as persoas colexiadas, excepto as que estean sancionadas con suspensión e os membros de honra.

A elección do presidente e da Xunta de Goberno realizarase mediante a presentación de candidaturas conxuntas.

2. As candidaturas estarán integradas por 12 membros. Deberán formar parte delas mesmas, necesariamente, tres colexiados pertencentes á subescala de Secretaría-Intervención, tres á subescala de Intervención-Tesouraría e tres pertencentes á subescala de Secretaría. As candidaturas incluírán un mínimo de dous suplentes por cada subescala.

En caso de pertencer o candidato a máis dunha subescala, tomarase en consideración aquela que corresponda ao último destino adxudicado.

As candidaturas indicarán cal dos seus membros se presenta como candidato á Presidencia.



3. Poderán formar parte da candidatura os colexiados non exercentes definidos no artigo 9.3, a excepción do candidato á Presidencia.

Artigo 18. A convocatoria e a aprobación do censo electoral

1. A convocatoria de asemblea extraordinaria electoral será acordada pola Xunta de Goberno e efectuada pola Presidencia, mediante anuncio nos boletíns oficiais das provincias da Coruña e Pontevedra e comunicación a todas as persoas colexiadas. Na convocatoria fixarase o calendario electoral establecendo os períodos correspondentes ás reclamacións contra o censo electoral, datas de presentación de candidaturas e posibles reclamacións contra estas.

2. Na mesma sesión en que se acorde a convocatoria de asemblea extraordinaria electoral, a Xunta de Goberno aprobará con carácter provisional o censo electoral e disporá a súa exposición pública no taboleiro de anuncios da sede do Colexio, para que todas as persoas interesadas poidan examinalo e presentar reclamacións durante un prazo de quince días.

3. Transcorrido o período de exposición ao público do censo electoral, a Xunta de Goberno resolverá as reclamacións formuladas contra este e acordará a súa aprobación definitiva.

Artigo 19. Presentación e proclamación de candidaturas

1. Unha vez aprobado definitivamente o censo electoral, poderanse presentar candidaturas ata quince días antes do día en que estea prevista a celebración da asemblea electoral. As candidaturas deberán estar asinadas por todas as persoas que as integren ou ben aceptadas persoalmente mediante escrito dirixido á Secretaría da Xunta de Goberno.

2. Antes do décimo día anterior ao da celebración da asemblea electoral, a Secretaría da Xunta de Goberno comprobará o cumprimento dos requisitos establecidos anteriormente e proclamará as candidaturas presentadas. Contra a resolución da Secretaría poderase interpor recurso no tres días hábiles seguintes ao da proclamación de candidaturas, que deberá ser resolto no prazo dos tres días hábiles seguintes ao da súa presentación e comunicado ás persoas interesadas, así como publicado no taboleiro de edictos da sede do Colexio Territorial.



Artigo 20. A asemblea electoral para a elección de cargos directivos

1. No día e hora fixados constituirase a asemblea electoral, baixo a dirección dunha Mesa de Idade integrada por cada persoa de maior idade das subescalas de Secretaría, Intervención-Tesouraría e Secretaría-Intervención, a condición de que non formen parte de ningunha candidatura, pois en tal caso serán substituídas polas persoas seguintes en idade da subescala correspondente.

2. As persoas electoras que queiran exercer o dereito ao voto por correo deberán solicitarlo á Secretaría da Xunta de Goberno, podendo facelo desde a data de proclamación de candidaturas ata 48 horas antes do día de celebración da asemblea electoral. Computaranse como válidos os votos que sexan recibidos na sede do Colexio ou, no seu caso, no lugar en que se celebre a asemblea electoral, ata a hora de comezo dela. Entenderanse como nulos os votos que sexan recibidos con posterioridade ao comezo da asemblea.

3. Os votos por correo deberán emitirse nun sobre pechado en que se inclúa a papeleta oficial. O sobre co voto inserirase noutro no que se incorpore a fotocopia do DNI, e remitirase á Secretaría da Xunta de Goberno facendo constar no exterior que se trata dun voto por correo.

4. Para proceder á votación chamarase a cada unha das persoas presentes para que deposite o seu voto na urna habilitada para o efecto, nun sobre debidamente pechado, no cal introducirá a papeleta oficial co nome das persoas candidatas ás cales lles outorga o seu voto.

5. Rematada a votación presencial, a Presidencia da Mesa introducirá os votos recibidos por correo. A seguir procederase ao recuento e á proclamación das persoas electas, de acordo co disposto no artigo seguinte.

6. No caso de ser proclamada unha soa candidatura non se celebrará a Asemblea Electoral. Os seus integrantes pasarán a conformar a nova Xunta de Goberno do Colexio, con efectos da data en que deba celebrarse a Asemblea Electoral.

Artigo 21. Proclamación de membros electos e toma de posesión dos cargos directivos

1. Realizado o escrutinio, procederase á proclamación de membros electos da Xunta de Goberno e do presidente, correspondentes á candidatura que maior número de votos obtivese.



2. En caso de producirse un empate en número de votos de dúas candidaturas, serán proclamados electos os membros da candidatura cuxo candidato a presidente teña maior antigüidade como habilitado nacional e, de persistir o empate, aquela en que o candidato a presidente teña maior idade.

3. Realizada a proclamación de membros electos, a Mesa de Idade procederá a tomar xuramento ou promesa individual a cada unha das persoas segundo as fórmulas habituais previstas na lexislación vixente e, seguidamente, daráselles posesión do seu cargo, quedando formalmente constituída a Xunta de Goberno do Colexio Territorial.

4. A Xunta de Goberno reunirse en sesión extraordinaria no dez días seguintes ao da celebración da asemblea electoral e na devandita sesión elixiranse de entre os seus membros as persoas que exercerán a Vicepresidencia, Secretaría, Intervención e Tesouraría do Colexio, dos que tamén se poderán designar suplentes.

Artigo 22. *Das causas de cesamento dos cargos directivos*

1. Os membros da Xunta de Goberno poderán cesar polas seguintes causas:

a) Finalización do mandato, polo transcurso de catro anos desde o día da toma de posesión.

b) Falecemento ou enfermidade inhabilitante.

c) Renuncia motivada.

d) Sanción disciplinaria grave ou moi grave.

e) Condena por sentenza firme que comporte a inhabilitación para cargos públicos.

f) Perda da condición de persoa colexiada.

g) Moción de censura, presentada e aprobada de acordo coas normas contidas no seguinte punto.

2. Transcorrido un ano do seu mandato e antes de que falten seis meses para o seu final, poderá presentarse unha moción de censura contra algún ou todos os cargos directivos, que deberá ser ratificada, como mínimo, polo vinte por cento do número de membros



da Asemblea e deberá conter unha candidatura alternativa ao membro ou membros directivos que se pretende que cesen, debendo motivarse as razóns ou feitos en que se sustenta.

A candidatura alternativa deberá respectar os requisitos contemplados no artigo 17.

Unha vez presentada, a Secretaría da Xunta de Goberno acreditará que se cumpre dito requisito e convocará Asemblea Electoral no trinta días hábiles seguintes ao de recepción na sede corporativa da documentación preceptiva. Unha vez debatido o contido da moción, procederase á súa votación nominal e secreta; deberase obter o voto favorable da maioría dos membros da Asemblea para que prospere.

3. En caso de non existir suplentes, a Xunta de Goberno poderá elixir un colexiado que reúna os requisitos establecidos nestes estatutos para ser elixible. Deste feito informarase na seguinte Asemblea.

CAPÍTULO IV

Da Presidencia e da Vicepresidencia

Artigo 23. *A Presidencia*

1. A persoa que ocupe a Presidencia exerce a representación legal do Colexio Territorial e preside a Asemblea e a Xunta de Goberno, velando pola debida execución dos seus acordos.

2. Á Presidencia correspóndenlle as seguintes atribucións:

a) Convocar e presidir as sesións comúns e extraordinarias da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno, e decidir os empates con voto de calidade.

b) Executar os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno.

c) Adoptar, en caso de urxencia, as resolucións necesarias, dando conta ao órgano competente na primeira sesión que celebre.

d) Exercer a representación do Colexio e dos seus órganos e realizar xestións ante autoridades, entidades e particulares.

e) Designar representantes do Colexio nos tribunais de oposicións, comisións de traballo e organismos públicos, de conformidade coas normas vixentes e tendo en conta como criterio de antigüidade das peticións realizadas.



- f) Exercer a xefatura superior do persoal ao servizo do Colexio Territorial.
- g) Formar o proxecto de orzamento anual e render as contas unha vez liquidado cada exercicio.
- h) Autorizar e dispor todos os gastos que estean previstos no orzamento anual.
- i) Recoñecer todos os deberes contra a entidade, excepto o recoñecemento extraxudicial de créditos.
- j) Ordenar todos os pagos e asinar os cheques e ordes de transferencia bancaria.
- k) Exercer as accións xudiciais e interpor os recursos administrativos que procedan.
- l) Todas as que lle delegue a Asemblea Xeral ou a Xunta de Goberno.
- m) Calquera outra función que legal ou estatutariamente atribúase ao Colexio e non sexa competencia doutro órgano del.

Artigo 24. *A Vicepresidencia*

1. A persoa que ocupe a Vicepresidencia ten como función substituír o titular da Presidencia nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante.

2. A Presidencia e a Xunta de Goberno poderán delegar na Vicepresidencia todas as atribucións que consideren necesarias para o mellor goberno e administración do Colexio Territorial.

CAPÍTULO V Da Xunta de Goberno

Artigo 25. *Atribucións da Xunta de Goberno*

1. A Xunta de Goberno é un órgano colexiado integrado polos 12 cargos directivos, elixidos de acordo co disposto no artigo 17 e seguintes, que ten as seguintes atribucións:

- a) Velar para que as persoas colexiadas observen boa conduta no desenvolvemento das súas tarefas profesionais, na relación coa Administración en que prestan servizos, cos colexiados e coa cidadanía en xeral.



- b) Levar a cabo as xestións oportunas para impedir e perseguir a intrusión profesional.
- c) Exercer as potestades disciplinarias respecto das persoas colexiadas.
- d) Propor á Asemblea Xeral os regulamentos de orde interior que xulguen convenientes.
- e) Velar para que no exercicio profesional se observen as condicións de dignidade e prestixio propias do persoal funcionario con habilitación estatal, así como propiciar a harmonía e a colaboración entre todas as persoas colexiadas.
- f) Defender ás persoas colexiadas no desenvolvemento das súas funcións e realizar as xestións necesarias para facilitar a cobertura efectiva de todos os postos de traballo por persoal da subescala e categoría que corresponda.
- g) Acordar o exercicio das accións e dereitos que correspondan ao Colexio Territorial.
- h) Emitir consultas e ditames en materias propias das funcións públicas necesarias e reservadas a persoal con habilitación de carácter estatal.
- i) Proceder á contratación do persoal necesario para o bo funcionamento do Colexio.
- j) Aprobar o orzamento anual e render ante a Asemblea Xeral as contas anuais.

2. No seo da Xunta de Goberno poderanse crear comisións delegadas, formadas polo menos por tres dos seus membros, para o estudo e a proposta dos asuntos encomendados a este órgano.

Artigo 26. *As sesións da Xunta de Goberno*

1. A Xunta de Goberno celebrará sesión ordinaria cada tres meses e extraordinaria cando así o acorde a Presidencia.

2. Para a válida celebración das sesións requirirase a asistencia de, polo menos, sete dos seus membros, entre os cales deberán estar as persoas que exerzan a presidencia e a secretaría ou os que legalmente os substitúan. Se non se consegue este quórum, a sesión celebrarase en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, e será suficiente para a súa constitución unicamente a asistencia da terceira parte dos seus membros, entre os que deberán atoparse os titulares da Presidencia e a Secretaría.



CAPÍTULO VI**Da Secretaría, Intervención e Tesouraría****Artigo 27. Da Secretaría**

1. Á Secretaría correspóndelle a función de fe pública de todos os actos e acordos emanados dos órganos do Colexio Territorial, expedindo as certificacións que sexan oportunas e levando e custodiando os libros de actas e resolucións da Presidencia.

2. Son funcións da Secretaría:

a) Elaborar as actas das sesións dos órganos colexiados e a súa correspondente transcripción ao libro de actas.

b) Levar e custodiar o rexistro de entrada e saída de documentos, dando conta á Presidencia.

c) Autorizar, co visto e praxe da Presidencia, as credenciais dos cargos directivos e do persoal do Colexio Territorial.

d) Expedir, co visto e praxe da Presidencia, certificación de todos os acordos e resolucións.

e) Realizar unha memoria anual sobre a actividade colexial, para xeral coñecemento.

3. Entre as persoas vocais da Xunta de Goberno designarase unha delas para que exerza a fe pública nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante da persoa titular.

Artigo 28. Da Intervención

1. A Intervención será exercida por un membro da Xunta de Goberno que non teña ningún outro cargo asignado, e corresponderalle a responsabilidade do control interno da xestión económico-financeira e orzamentaria do Colexio Territorial, así da contabilidade.

2. Son funcións da Intervención:

a) Redactar o proxecto de orzamentos.

b) Propor á Presidencia os expedientes de modificacións orzamentarias.

c) Levar a contabilidade e preparar as contas anuais.



d) Realizar a fiscalización de todos os actos e acordos que orixinen o recoñecemento de dereitos e deberes, os ingresos e pagamentos que deriven deles e a recadación, o investimento e a aplicación, en xeral, dos fondos administrados, co fin de que a xestión respecte plenamente as disposicións aplicables en cada caso.

Artigo 29. *Da Tesouraría*

1. A Tesouraría é a función consistente no manexo e custodia dos fondos e valores pertencentes ao Colexio Territorial.

2. Correspóndenlle a Tesouraría as seguintes atribucións:

- a) Custodiar os fondos que lle estean encomendados.
- b) Efectuar os pagamentos e cobramentos.
- c) Realizar os arqueos mensuais e os que a Presidencia ou a Xunta de Goberno xulguen necesarios.
- d) Levar cuantos libros permitan o seguimento e control das súas funcións.

TÍTULO IV

O réxime económico e orzamentario

CAPÍTULO I

Os recursos económicos do Colexio Territorial

Artigo 30. *Ingresos en xeral*

O Colexio Territorial financiarase cos seguintes ingresos:

- a) Os produtos e rendementos do seu patrimonio.
- b) As doazóns e legados que poida recibir.
- c) As subvencións concedidas polas administracións públicas.
- d) Os rendementos derivados de contratos de patrocinios para as súas actividades e proxectos.



e) As contraprestacións por servizos que se presten a terceiros ou, no caso de que proceda, ás persoas colexiadas.

f) O importe das cotas que se exixan ás persoas colexiadas.

g) Calquera outro ingreso que se produza legalmente.

Artigo 31. *Cotas exixibles ás persoas colexiadas*

1. As cotas exixibles ás persoas colexiadas poderán ser de dúas clases: ordinarias e extraordinarias.

2. As cotas ordinarias determinaranse de conformidade coas seguintes regras:

a) Para as persoas colexiadas exercentes serán as fixadas pola Asemblea Xeral para cada exercicio económico, e non poderán ser de importe inferior ao un por cento do soldo anual do persoal funcionario do grupo A1. Para estes efectos, considérase soldo anual a contía que en concepto de salario base se prevé para cada exercicio na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado para o grupo A, subgrupo A1, dos relacionados no Estatuto básico do empregado público.

b) Para as persoas colexiadas non exercentes, a cota anual será do 50 por cento da cota establecida para as persoas exercentes.

c) Os membros de honra non deberán aboar ningunha cota.

3. As cotas extraordinarias, que deberán ter como finalidade afrontar gastos non correntes que teña que asumir o Colexio Territorial, deberán ser aprobadas pola Asemblea Xeral, que determinará o seu importe e o prazo para o seu pagamento.

Artigo 32. *Cobramento e recadación das cotas*

1. O cobramento e a recadación das cotas ordinarias terá lugar por trimestres vencidos, mediante domiciliación bancaria.

2. As cotas extraordinarias sumaranse ás cotas ordinarias, agás que a Asemblea acorde outros prazos de cobramento.



3. Se algunha persoa colexiada devolve o recibo domiciliado, a Presidencia remitiralle un requirimento para que satisfaga a súa débeda no prazo máximo dun mes. De non satisfacerse a cota correspondente no prazo establecido, a persoa en mora quedará automaticamente suspendida dos dereitos que lle outorgan estes estatutos.

CAPÍTULO II

Orzamentos e contas anuais

Artigo 33. *O orzamento anual*

1. Durante o último trimestre de cada ano natural, a Xunta de Goberno aprobará o orzamento para o exercicio seguinte, co informe previo da Intervención.

2. O orzamento do Colexio Territorial seguirá as normas propias do dereito orzamentario das entidades locais.

Artigo 34. *Contabilidade e contas anuais*

1. O Colexio Territorial levará un sistema de contabilidade que permita o seguimento e control de todas as súas operacións, así como determinar a composición e situación do seu patrimonio.

2. Para o seguimento das operacións contables, e sen prexuízo do indicado no artigo anterior, o Colexio rexerese polas normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades non lucrativas.

TÍTULO V

Réxime disciplinario e recursos

CAPÍTULO I

Réxime disciplinario

Artigo 35. *Potestade sancionadora*

1. O Colexio Territorial exercerá a potestade sancionadora para corrixir as accións ou omisións que realicen as persoas colexiadas no ámbito profesional e colexial que se definen nestes estatutos.



2. As persoas sancionadas disciplinariamente por unha Administración pública quedarán inhabilitadas para desempeñar cargos colexiais mentres a súa responsabilidade non se extinga. Tamén estarán inhabilitadas as persoas condenadas pola comisión dun delito contra a Administración pública.

Artigo 36. Tipificación das infraccións

As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

1. Son faltas leves:

a) A desconsideración cara aos compañeiros tanto en relación coa actividade de carácter colexial como profesional.

b) Os actos de desconsideración cara aos membros da Xunta de Goberno, do Consello Autonómico ou do Consello Xeral.

2. Son faltas graves:

a) A desconsideración grave cara aos compañeiros tanto en relación coa actividade de carácter colexial como profesional.

b) Os actos graves de desconsideración cara aos integrantes da Xunta de Goberno, do Consello Autonómico ou do Consello Xeral.

c) A desatención aos cargos colexiais como consecuencia da falta de asistencia non xustificada.

d) A obstaculización ao exercicio dos dereitos de acceso aos cargos e aos postos reservados aos funcionarios das tres subescalas.

e) Realizar actuacións encamiñadas a favorecer, amparar ou tolerar o intrusismo.

f) A realización de actividades ilegais que poidan prexudicar gravemente a imaxe, consideración social ou profesional, ou o prestixio dos colexiados ou da organización colexial.

g) A infracción dos deberes xerais e deberes especiais a que se refire o artigo 11 dos presentes estatutos.



3. Son faltas moi graves:

a) A desatención grave aos cargos colexiais como consecuencia da falta de asistencia non xustificada.

b) O falseamento ou inexactitude grave da documentación profesional e a ocultación ou simulación de datos que o Colexio debe coñecer para exercer as súas funcións ou para a repartición equitativa dos cargos colexiais.

c) Confeccionar baremos á medida propia e imposibilitar o acceso a unha praza que se ten en réxime de acumulación.

d) O exercicio ilegal de funcións reservadas a funcionarios da escala.

e) A convivencia cos órganos competentes da Corporación local no mantemento ilegal da categoría ou a reclasificación dunha praza en prol de intereses particulares, cando esa ilegalidade for declarada por sentenza xudicial firme.

f) Toda actuación profesional que supoña discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento, veciñanza ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Artigo 37. Tipificación das sancións

Poderán imporse as seguintes sancións:

a) Apercibimento privado.

b) Suspensión na condición de colexiado ata seis meses.

c) Separación do cargo colexial dun mes a un ano.

d) Separación do cargo colexial durante o período do mandato en curso.

e) Separación do cargo colexial durante o período do mandato en curso e declaración de incapacidade para o seguinte.

f) Suspensión na condición de colexiado desde seis meses e un día ata dous anos.



Artigo 38. Correspondencia entre infraccións e sancións

1. Para as faltas leves aplicarase a sanción prevista na letra a) do artigo anterior. Para as faltas graves, as sancións enumeradas nas letras b) a c) e para as faltas moi graves, as sancións determinadas nas letras d) a f).

2. Na imposición destas sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, e consideraranse especialmente os seguintes criterios para a gradación da sanción que se vai aplicar:

a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.

b) A natureza dos prexuízos causados.

c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así for declarado por resolución firme.

d) Descoido profesional inescusable.

e) Obtención de lucro ilexítimo mercé á actuación ilícita.

Artigo 39. Prescrición e cancelación de infraccións e sancións

As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves ao ano e as moi graves aos dous anos. As sancións leves prescriben a seis meses, as graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

Os prazos de prescrición das infraccións comezarán a contar desde a comisión da infracción e os das sancións desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

A prescrición das infraccións interromperase por calquera acto colexial expreso e manifesto dirixido a investigar a presunta infracción. A realización de calquera acto colexial expreso e manifesto de execución da sanción interromperá o seu prazo de prescrición.

A cancelación supón a anulación do antecedente sancionador para todos os efectos.

As sancións leves cancelaranse ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos catro anos, contados desde o cumprimento das sancións.



Artigo 40. Competencia sancionadora

1. As infraccións serán sancionadas pola Xunta de Goberno.
2. As infraccións dos deberes profesionais e colexiais dos membros da Xunta de Goberno serán sancionadas polo Consello Xeral.

Artigo 41. Procedemento sancionador

1. Para o exercicio da potestade sancionadora, a Xunta de Goberno nomeará un instrutor do procedemento, cargo que deberá recaer nunha persoa colexiada que non sexa membro dela.

2. Unha vez obtidas todas as probas e alegacións, o órgano instrutor do procedemento realizará unha proposta de resolución. Esta proposta seralle notificada á persoa interesada para os efectos do trámite de audiencia. En vista de todo o actuado, a Xunta de Goberno resolverá a sanción que fixese falta impor.

O transcurso do prazo de seis meses desde o inicio do procedemento sen ditarse resolución producirá a súa caducidade.

3. A responsabilidade disciplinaria regulada no presente título exercerase sen prexuízo da eventual responsabilidade administrativa ou penal na cal, polos mesmos feitos, poidan incorrer os secretarios, interventores e tesoureiros de Administración local como consecuencia da súa relación de servizo ou a súa condición de funcionarios públicos.

CAPÍTULO II**Réxime de recursos****Artigo 42. Recurso corporativo e xurisdición contencioso-administrativa**

1. As resolucións sancionadoras do Colexio Territorial poderán ser impugnables en alzada ante o Consello Xeral, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Unha vez finalizada a vía administrativa, as resolucións sancionadoras do Colexio serán impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta orde xurisdiccional.



TÍTULO VI
Do persoal ao servizo do Colexio

CAPÍTULO I
Do persoal

Artigo 43. *Réxime xurídico do persoal*

1. Para o exercicio das súas funcións e actividades, o Colexio Territorial poderá seleccionar o persoal suficientemente cualificado, seguindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. O persoal seleccionado someterase ao Estatuto dos traballadores e á demais normativa laboral que resulte de aplicación.

2. A selección e o nomeamento do persoal ao servizo do Colexio serán competencia da Xunta de Goberno.

Disposición adicional primeira. *Realización de sesións a distancia*

A Asemblea, a Xunta de Goberno, a Mesa Electoral e calquera órgano colexiado do Colexio poderán realizar sesións a distancia por medios telemáticos cando así se faga constar de maneira motivada nas súas convocatorias. Neste caso, a sede virtual será a cidade da Coruña, sede do Colexio.

Para estes efectos resultará de aplicación o disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas.

Mediante o regulamento aprobado pola Asemblea determinarase o réxime aplicable á convocatoria e á realización deste tipo de sesións.

Disposición adicional segunda. *Cómputo de prazos*

Para os efectos indicados nos presentes estatutos, resultará de aplicación o calendario de días inhábiles vixente en cada momento no municipio da Coruña.

Disposición transitoria

No prazo dun mes desde a súa constitución, a Xunta de Goberno designará os membros que deban formar parte da Asemblea do Consello Xeral en representación do Colexio, ademais do seu presidente.



Para efectos da representación na Xunta de Representación Autonómica, o presidente do novo Colexio Territorial da Coruña e Pontevedra sucederá o presidente do Colexio Territorial de Pontevedra e o presidente do Colexio Territorial da Coruña.

Disposición derradeira

Estes estatutos, aprobados pola Asemblea Electoral Constituínte do 26 de xuño de 2021, entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

